

Os melidenses poderán saber a vida da figura que dá nome as súas rúas

O Concello vén de pór en marcha unha programa, que baixo o lema *Coñece a túa rúa*, permitirá aos veciños familiarizarse e averiguar cal é a traxectoria vital da persoa que encabeza os seus enderezos.

A través deste proxecto remitiráselles por correo, aos habitantes domiciliados na rúa, un tríptico no que poderán ollar a biografía da figura da cal leva o nome e, ao mesmo tempo, saber e despxer as dúbidas dos cidadáns

sobre o porqué mudaron os nomes de moitos sitios do rueiro melidense.

Esta novidosa iniciativa escomenzou pola coñecida rúa Alexandre Bóveda, antiga Evaristo Martín Freire, que foi rebautizada con este nome o pasado mes de agosto. A campaña continuará en vindeiras datas coa de Concepción Arenal e, así de xeito continuado, por outras do noso municipio.

P3

MELIDE

Planifícase a instalación dun punto limpo para a vila. O concelleiro de Medioambiente, Manuel Prado, así o confirmou para o Cerne. Instalárase no polígono cando se rematen as melloras que afectan actualmente a este parque. **P 3**

COMARCAS

O Concello de Toques acondicionará o entorno das Ferevenzas en Brañas. As actuacións centraránse na limpeza da maleza, a creación dunha pasarela, a decuación dunha área recreativa e a construción de dous aparcadoiros. **P6**

EMPRESA E COMERCIO

ASETEM-CCA celebrará unha xornada sobre novas tecnoloxías para o empresariado. A asociación de Empresarios Terra de Melide impartirá unha sesión informativa, no seu local, para explicar a empresarios, comerciantes e autónomos de toda a bisbarra as vantaxes do internet para os seus negocios. **P9**

DEPORTES

Ferreiro gaña a primeira proba da tempada para revalidar o seu título. O piloto melidense, actual campión nacional de rallyes de vehículos históricos, logrou a vitoria na primeira competición deste ano en La Vila Joiosa, Alacante. Aínda que o seu Ford Scort sufríu unha avería alzouse como gañador desta proba. **P12**



A Semana Santa chea de actos relixiosos

A Semana Santa chegou a Melide, un ano máis, traendo consigo as costumes místicas tradicionais desta época. Os veciños bendiciron as súas ramas de olivo o domingo de Ramos, acudiron a numerosos actos penitenciais así como a oficios litúrxicos especiais destas datas que se celebra-

ban nas igrexas do municipio.

Pero o máis agardado foi o día do venres no que as procesións saían á rúa engalanadas para a ocasión. A da Virxe da Soidade estivo acompañada pola choiva pero está non logrou augar a fé dos melidenses que a seguiron.

P10

Editorial

As nosas voces escoitáanse



A través deste pequeno recuncho informativo levamos máis de tres anos manifestando as nosas opinións sobre as cousas coas que estamos en acordo ou desacordo do que pasa a cotío na nosa vila para que vós os lectores os fagades eco das nosas manifestacións.

Pero o escrito nesta pequena fiestra do Cerne non son só iso, verbas. A maioría das veces nas nosas reindivnicacións e loita para mellorar o máis posible a calidade de vida da nosa vila, ASETEM-CCA, antes de publicalo, xa levamos traballando nelo moito tempo

antes. Realizamos xuntanzas, debatemos e mandamos os nosos escritos oficiais aos organismos correspondentes expoñendolles as demandas ante distintas situacións.

Ás veces respostannos e outras quedamos como estabamos pero sempre tentamos atopar as solucións máis positivas para o bo desenrolo do noso sector e o benestar dos veciños. Na anterior edición onde falabamos do dereito a botar o lixo de grande volume nun punto limpo tamén tivo a ambilidade de respostarnos o concelleiro de Medio

Ambiente, Manuel Prado, aínda que como él nós explicou a súa instalación no polígono industrial terá que agardar un pouquiño porque antes hai que rematar as obras de mellora de suministros que se están a realizar no mesmo.

En fin, esta columna é simplemente un xeito de que vós tamén sexades participes das cuestións nas que traballamos. Sabemos que moitos dos veciños len con interese esta sección e dende aquí queremos que saibades que vos damos as grazas por escoitarnos, ou, máis ben por lernos

Cerne Terra de Melide

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta. 2.000 exemplares.

DIRECCIÓN E REDACCIÓN: Ángeles Buján Ramos

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (A.S.E.T.E.M)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981506188 Correo electrónico: info@asetem.com

COLABORACIÓN: Xosé Domingos Fuciños, Daniel Roibás, AGXPT, Manuel Rodríguez Vázquez.

AGRADECIMENTOS: Jorge Sangiao, M^a Pilar López

IMPRESIÓN: Norprensa S.A.

DEPÓSITO LEGAL: LU-456-05

Cerne Terra de Melide non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

Tribuna de opinión

Os meus parabéns

JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ ÁLVAREZ

Dende estas liñas quero dar os meus parabéns o grupo municipal Partido Popular e aproveitar para darlle á benvinda ás páxinas deste xornal logo de ser convidados en moitas ocasións para enviarnos as súas novas e escoitar as súas opiñons.

O Cerne naceu, dende o principio, co obxectivo de que toda a cidadanía da comarca, sen ningún tipo de excepción, pódese participar e dar a coñecer os seus acontecementos a tódolos veciños da nosa terra para que todos estivesen informados con rigurosidade e amplitude do que acontecía no seu entorno. A asociación de Empresarios Terra de Melide tamén a conformamos diferentes sectores do tecido empresarial e era o noso desexo que no noso xornal houbera oco para tódolos ámbitos da nosa bisbarra.

Síntome ledo de que por fin se acade que tódolos grupos municipais, aínda que de distintas cores políticas, transmitan as súas crenzas para que os lectores poidan saber as súas manifestacións e teñan coñecemento das súas distintas versións. Volto a reiterar a miña sinxela enhoraboa ao PP por haber tomado esta decisión e que, deste xeito, tódolos cidadáns poidamos gozar da información máis completa que abrangue á nosa localidade.



CENTRAL:

Fernando González nº 4 - 3º Dcha
15004 A CORUÑA

Tel: 981 173 616 Fax: 981 602 120



PLANTA LA CORUÑA

Ctra. La Coruña - Corballo, km. 3
15008 A Coruña

Tel: 981 294 297 Fax: 981 294 297

PLANTA MONTESALGUEIRO

Ctra. Nacional VI, km. 555
Aranga - A Coruña

Tel: 981 789 338 Fax: 981 789 338

PLANTA MELIDE

Pol. Industrial Madanela, porc. 30
Melide - A Coruña

Tel: 981 507 891 Fax: 981 507 891

AUTOCONTROL DE CALIDAD CON SUPERVISIÓN EXTERNA

A iniciativa *Coñece a túa rúa* familiarizará aos veciños cos seus enderezos

Os melidenses poderán saber da figura que da nome sa súas rúas

O Concello inicia coa rúa Alexandre Bóveda un proxecto no que editarán trípticos sobre a vida das persoaxes que enchen o rueiro

Os veciños da vila poderán saber o porqué do no mone que levan as súas rúas grazas o novidoso programa que vén de poñer en marcha o Concello: *Coñece a túa rúa*

Con esta iniciativa tentáse achegar oas melidenses o valor da traxectoria vital das personaxes ou feitos que encabezan os enderezos onde estan domiciliados os cidadáns do municipio.

O progama iniciaráse coa rúa Alexander Bóveda, antiga Evaristo Freire nome dun ex ministro de Franco, ao carón do cruce dirección A Golada. O Concello promoverá nesta zona, para que os seus habitantes poidan coñecer a figura de Bóveda



A Rúa Evaristo Martín Freire mudou ao nome de Alexandre Bóveda

un tríptico sobre a vida deste personaxe que foi un dos políticos máis intelectuais de Galicia e morreu fusilado no 1936. O folleto, que será remitido aos enderezos dos veciños, estará acompañado por unha carta da alcaldía.

Con esta iniciativa despxeráanse as dúbidas de quen, cando se inugurou a rúa en agosto do ano pasado, non

entederon o cambio de nome.

A campaña *Coñece a túa rúa* continuará en vindeiras datas por outras da vila. A seguinte será a de Concepción Arenal, paralela a de Galicia, e que levaba o nome de Curros Enríquez. Esta última unha galega que loito en prol do feminismo a través dos seus escritos coa pluma.

Planificase habilitar un punto limpo para a vila

Cómo lembraran os nosos lectores no Cerne anterior na nosa editorial, baixo o título *Dereito a botar o lixo*, reindivicabase a necesidade dun punto limpo para os comerciantes e empresarios e melidenses.

Manuel Prado Puga, 1º Tenente da alcaldesa, non dubidou en responder a esta necesidade, explicando cales son as actuacións que se están a levar dende o Concello para acadar esta demanda. Prado informou que unha das prioridades coas que conta a Concellería de Medioambiente, da que é titular o socialista, foi a creación dun punto limpo para a vila.

Nesta loita por acadalo leva tempo traballando o Concello, sen embargo, este proxecto debe realizarse conforme á normativa vixente e nestes momentos por agora non é posible pór en funcionamento esta instalación porque *aínda non están rematadas as melloras no polígono industrial que é un requisito imprescindible para botar a andar este servizo*, afirmou o concelleiro.

Esta actuación instalaráse no



parque empresarial aínda que o departamento de Prado tentou antes buscar outra ubicación distinta para este servizo e así poder axilizar a súa construción. Situación que non se puido dar xa que, segundo xustifica o 1º Tenente da alcaldesa, *non se contaban cos terreos urbanísticos dispoñibles para este fin*. Cando o proxecto das obras do punto limpo poidan comezar, o Concello investirá nas melloras preto de 160 mil euros. Dende o seu departamento, Prado quere lembrar que os veciños que queiran botar ao lixo obxectos voluminosos só precisan contactar coa empresa Celta Prix que os recollerá no seu enderezo. Tamén aclarou que nas empresas son elas as que teñen que xestionar o seu lixo.

Vivindo entre luces e sombras, encontros e desencontros por mor das novas lámpadas

Dende que o Concello de Melide puxo en marcha o seu plan de aforro enerxético, a través do cambio de lámpadas nos farols do casco urbano, desatouse unha oleada de críticas tanto por parte dalgúns veciños como do grupo da oposición, o PP.

O PP non cre no aforro

Dende a agrupación popular criticase esta nova actuación do actual equipo de goberno local (BNG-PS deG), sobre todo no tema do aforrar enerxía. Este proxecto supón un investimento total de 178.00 euros, dos que o INEGA aporta 70.000. De

feito o partido da oposición vén de solicitar o estudio que o Concello realizou para facer a inversión, descoñecido por eles, que *sendo certo os datos que se dan dende o concello este aforro non se faría efectivo ata dentro de 15 anos, momento no que xa non existiran nin os actuais farols e menos as lámpadas*, afirma o PP. Un xeito de economizar que para a oposición *é irrisorio*.

Tamén afirman que o paso dunha luz branca a unha amarela causa un problema de visibilidade nos pasos de cebrada das estradas que cruzan a vila, cuestión que levou a voceira do PP,



As lámpadas acesas polo día

Anxeles Vázquez, a presentar unha moción na que se pide que se lle dea solución a esta situación *antes de ter que lamentar unha desgracia*. Esta inquedanza tamén lle foi transmitida aos titulares das principais estradas que cruzan o municipio, a N 547 e a AC 840.

Pero unha das cuestións que máis críticas levantou por parte dos veciños, e das que se fixo eco a a agrupación popular, foi a dos continuos cortes de luz que a cotío ocorren nas principais

rúas do centro e no polígono industrial. Ademais de que a certas horas baixa tanto a intensidade da luz que o municipio está en penumbra, habendo veciños *que din que nin atinan coa pechadura da porta* asegura o partido da oposición.

Xustificación do Concello

O Concello da como explicación sobre os cortes de electricidade e baixada na súa intensidade ás reformas que se están a facer para instalar este plan enerxético.

Para elo xustifica que este proxecto supuxo a substitución dos cadros eléctricos convencionais por un sistema de control remoto, mellora que tivo que acoñecerse debido ao estado crítico no que estaban estes cadros na actualidade. As anomalías, como a luz acesa polo día, apa-

góns esporádicos ou a variación da intensidade luminosa nalgún intre son explicados polo Concello como consecuencia de que, como en todo proxecto, é preciso establecer un período de probas. Mediante estas podense localizar os fallos existentes nos cables ou conductores que conectan uns farols con outros e cuia avería provoca a caída de tódolo sistema.

En canto o cambio de lámpadas debese non só a acadar unha imaxe máis acorde coa natureza da vila, senón tamén a unha variación da tonalidade luminosa para adaptarse á normativa europea. Asemesmo os farols cos que conta na actualidade o casco urbano non son os máis axeitados para dar servizo a un trazado de estrada nacional, senón máis ben para prazas públicas ou xardíns.

Esta iniciativa, organizada pola distribuidora Mala Testa, contou coa colaboración do Concello e desenrolouse durante dous días

A vila acolle as súas I Xornadas Contraculturais Antirrepresión sobre a situación de nas cárceres

Primeira xornada: A represión baixo custodia, có relato das experiencias das nais de dous reos que padeceron os maltratos do sistema penitenciario español

Melide acolleu por primeira vez as súas I Xornadas Antirrepresión que tiveron como finalidade ofrecer unha visión alternativa e crítica sobre situacións de represión que se dan nos centros penitenciarios na actualidade. O Multusos foi o lugar elixido para impartir, durante dous días, charlas organizadas pola distribuidora *Mala Testa* xunto coa colaboración do Concello.

A primeiro día, e baixo o lema, *A represión baixo custodia*, abordouse a situación na que viven os convictos nas cárceres a través das testemuñas persoais de dúas nais que relataron as experiencias vitais dos seus fillos no sistema penitenciario chamado FIES. Este instrumento creouse para o control por parte da Administración penitenciaria de presos que eles consideraban desestabilizadores pero en realidade rematou convertíndose nun



A primeira xornada iniciouse coas testemuñas das nais sobre a vida dos seus fillos

régime carcelario tanto inhumano como ilegal.

Pastora González, proxénitora de Xosé Tarrío González, relatou como o seu fillo meterase no mundo da droga moi xoveniño comentendo pequenos furtos para acadar cartos para o seu consumo. Nun destes delitos o condearon a dous anos de cadea pero en realidade o que ía ser un período curto de encarceramento transformouse en 16 anos por mor do FIES.

Período no que contraeu a enfermidade do VHI, o meu fillo entrou sán e alí enfermou, comentaba Pastora. Explicou a longa cadea que

Maltratos os que foi sometido o seu fillo cada vez que denunciaba algunha das inxustizas que sufrían os seus compañeiros. Torturas psicolóxicas e físicas que obrigaban aos propios reos a autolesionarse para saír ao hospital e demandar estas aberracións. Aínda cando

estaba morrendo no propio hospital sufría velleccións por iso Pastora González quixo de ixar unha mensaxe moi clara de que a tortura se trasladaba tanto ás cárceres como aos Hospitais e rematou recalcando *que as prisións están feitas para os pobres e non para os ricos*.

Xosé Tarrío morreu no 2003 pero deixou como legado un libro *Huye, Hombre, huye* no que relata a verdadeira vida nestas cárceres.

Por outra banda, Carme Castro detallou como o seu fillo

Diego Castro, foi denunciado falsamente, tras unha discusión, polo seu pai e a garda civil o arrestou ielgalmente sen probas e sen comunicarllo a nai, que estaba separada do marido. Ao día seguinte de baixalo ao calabozo aforcouse cos seus propios pantalóns. A súa nai denuncia porque botaron inmediatamente a proba do pantalón ao lixo, non se practicou ningunha reconstrución dos feitos e dos vómitos aparecidos. Ademais Diego padecía unha depresión e durante o seu arresto lle negaron a medicación.

Qué é o FIES penitenciario

En 1991 tivo lugar unha oleada de motíns nas cárceres para denunciar situacións límites que estaban padecendo os internos nelas, foi en esta data cando a Administración Penitenciaria comezou a plicar o réxime FIES (Ficheros Internos de Especial Seguimento). Un instrumento de control dirixido a determinados reclusos aos que, polo delito cometido ou pola súa vida na reclusión, se lles supoñía un potencial desestabilizador do sistema penitenciario.

Pero axiña se convertiu nun réxime tan brutal como ilegal no trato humano que xa leva cobrado dúas decenas de vidas de reos que non o soportaron psicolóxicamente.

Segunda xornada: Charla do Doutor Manuel Garrido acerca do SIDA e poñencia de Carlos Parrado sobre a vida e loita antifranquista da figura de Curuxás



Carlos Parrado explicou o que leva investigado da vida de Curuxás

No segundo día das charlas os poñentes foron o doutor, Manuel Garrido, e o melidense, Carlos Parrado. *Outra perspectiva sobre o SIDA* foi o tema no que versou a conferencia do primeiro. Garrido, que pertence a unha corrente que pón en dúbida moitas das afirmacións sobre esta enfermidade, explicou unha visión distinta referida a estudos alternativos do VHI.

Pola súa banda, Parrado expuso aos asistentes como comezou a súa interese por investigar a vida do Curuxás. Parrado era, apenas un mozo de 20 anos cando viu o corpo sen vida do guerrilleiro. Dende entón leva preto de 30 anos acumulando testemuñas de persoas que o coñeceron e as cales relatou na súa charla dando a coñecer a vida desta lenda da comarca.

Ramón Rodríguez Varela, Curuxás, o guerrilleiro antifranquista que se convertiu nun mito na comarca

Ramón Rodríguez Varela naceu en Vilaouriz (Toques) no ano 1907 cuíus pais eran os caseiros dun lugar. Xa dende pequeno empezou amosar o seu carácter de líder na escola. En xuño de 1928 casa con Marcelina Costa, de 26 anos, contando el con 23. O matrimonio, que tivo seis fillos, estivo unha tempada traballando como criados en terras da parroquia de Curuxás (Palas de Rei), e dese lugar adoptou o seu famoso alcume. Aínda que Rodríguez desenrolou numerosos oficios como o de canteiro, pintor ou cofrador para poder

manter a súa familia, atopou traballo como mineiro en Sanfiz, Lousame e foi sindicalista da CNT. Curuxás apareceu morto nun sendero de Toques no ano 1967, dictaminándose na súa autopsia que a morte foi por causas naturais.

Antifranquista e prófugo

A partires de 1936 foi cando acadou a súa sona como guerrilleiro. A súa primeira acción de envergadura consistiu no roubo na mina da nómina, unhas, 7.000 pesetas, que repartiu entre os seus compañeiros no 1937. Dende ese ano ata o seu fale-

cemento malviviu fuxido nos montes ou auxiliado nas casas de numerosos veciños. Sufriu tres cercos por banda da garda civil pero en ningún lograron apresar, fuxindo. O máis significativo resultou no 1941 cando na fuxida fire de morte ao cabo Jesús Dacal Val. En 1945 a súa partida presentáse na casa do cura do Meire e este é asasinado, aínda que se asegura que non foi Varela.

Este home foi unha lenda e un mito que se reflexaba na adoración que lle tiñan os seus veciños os que sempre axudaba.

Os grandes muíños de metal ensombrecen a beleza paixasítica característica do lugar Tecnoloxía e o rural mesturanse no parque eólico do coto de Codesas

*Os 20 primeiros
aeroxeradores xa
están funcionando
dende novembro*

Ánxeles Buján

A primeira fase dos aeroxeradores eólicos, que Fenosa comenzo a instalar nunha primeira fase de execución en xunio, xa está a funcionar cunha potencia de 17 MW.

Cada dispositivo xera 850 kW de potencia e a empresa de electricidade ten previsto poñer en marcha esta primeira unha segunda fase con 35 aeroxeradores máis. En total 45 distribuídos polo coto de Codesas que abaranguen os municipios de Melide, Toque, Boimorto e Sobrado dos Monxes, no famoso monte do Bocelo.

Esta cume, que sempre se caracterizou pola súa grande beleza paisaxística onde se podía contemplar a fermosura da natureza en todo o seu esplendor e os cabalos salvaxes precorrendoos, estáse a estragar por mor das novas tecnoloxías.



Os animais seguen a pastar na compaña dos aeroxeradores

Vale cos recursos naturais estándose esgotando e hai que buscar novas alternativas, como a electricidade producida por estes elementos a través do ar, pero con estas iniciativas tamén estamos a arruinar outras obras da natureza como os nosos montes.

A mestura da tecnoloxía e a paixase non son unha boa conxugación senon máis ben unha mala idea. A humanidade buscamos solucións para salvar o planeta pero ás veces somos nós mesmos os que rematamos por destruílo.

Os pros e os contras da enerxía eólica

Vantaxes. É unha fonte de enerxía renovable e máis barata que non produce emisións á atmosfera nin xera residuos. A súa instalación é compatible con outros empregos do chan e teñen unha vida útil superior a 20 anos.

Desvantaxes. Causa un gran impacto visual porque a súa instalación xera unha alta modificación na paixase e afecta ao mundo das aves xa que moitas morren ao bater contra as ás, ademais de modificar os seus comportamentos habituais de alimentación. O roce continuo das pás produce un ruído constante e a casa máis preto deberá estar alo menos a 200 metros e os propietarios dos montes apenas reciben o 1% dos beneficios xerados polo parque. Dos 29 espazos da rede natura galega, 15 contan con estas instalacións

Posible fusión de Melisanto con dúas cooperativas para crear a maior entidade do sector

A cooperativa Melisanto última a súa posible fusión con outras dúas grandes entidades agropecuarias para acadar unha gran organización de ámbito provincial que sería a máis importante do sector. A cooperativa de Coreber de Bergantiños, da cal partiu a iniciativa, e a comarcal de Ordes serían as outras dúas empresas integrantes deste proxecto. Sen embargo a fusión non chegará a ser unha realidade sen pasar antes pola decisión final das súas respectivas assembleas a finais de xuño.

Si o proxecto chega a bó porto, con esta alianza pretenderase como obxectivo principal acadar mellores prezos e abaratar custos. A fusión tentaría traballar en mellorar as cuestións da baixada da cota de leite, dos suministros, como o incesante crecemento de abonou ou do gasoil, ademais do dos pensos. Outra das vantaxes sería o impulso que recibiría a sección da horta, algo especialmente importante para Melisanto.

A Asociación Deportiva Ponte Mazaira desminte que Río Furelos lles cederá ningún cuoto

A Asociación de Troiteros Río Furelos anunciou hai uns días que *por mediación do Servizo provincial de Protección da Natureza da Consellería de Medioambiente, cedíalle á Sociedade Deportiva Ponte Mazaira* asegure que a Asociación Río Furelos min-tiu ao anunciar que lles cederán os permisos para que poidan realizar os seus concursos. Este colectivo tamén

afirma que todas as entidades colaboradoras con medioambiente dispoñen de 3 días de pesca, coa totalidade dos cuotos, para a celebración das súas actividades.

Ponte Mazaira quere deixar constancia de que efectuou, en tempo e forma, a súa solicitude á Consellería de Medioambiente no día 18 de outubro de 2007 e así lle foron confirmadas as datas. Pero debido a un erro burocrático enviouse os 15 permisos a Río Furelos, pertencentes aos días 5 e 19 de abril e mailo o 3 de maio. Posto en



coñecemento do correspondente organismo o erro, este procedeu a subsanalo requiríndolle os cuotos á Asociación de Troiteiros. Polo tanto, a Soc. Ponte Mazaira manifesta tallantemente que o outro colectivo non lle cedeu ningún cuoto porque non lles pertencen. Dende esta páxina o

Presidente da Sociedade Deportiva, Manuel Rodríguez, empra a ao seu homólogo de Río Furelos a un cara a cara público no Multiusos para desmentir tódolos infundios verquidos contra Ponte Mazaira, entendendo que de non facelo nun prazo de 15 días, o señor. Xabier Pazo, minte.

Dende 1942 non chovia tan pouco en Galicia

Durante o Día Meteorolóxico Mundial numerosos expertos aportaron os datos climatolóxicos que está a padecer a nosa comunidade. Durante setembro a febreiro houbo a metade de precipitacións ca outros anos calificándose como un inverno seco e cálido. En marzo tamén se rexistrou niveis de pluviosidade moi baixos para esta época, tamén se confirmou que abril e maio non parecían presentarse especialmente chuviosos. En canto as temperaturas sinalouse que febreiro aumentou en 2,5 graos e que para o verán prevese o incremento en 1 grao, valores anormalmente altos.

A cascada é unha das paixase máis fermosas coas que conta o municipio

O Concello esta a traballar nun proxecto para recuperar o entorno das fervenzas de Brañas e adecualo como área recreativa e de ocio



Unha árbore derrubado xa non permite nin o acceso aos visitantes ao interior do muíño en desuso

As emblemáticas Fervenzas de Brañas son unha das paraxes naturais máis fermosas e espectaculares coas que conta o patrimonio de Toques. Cada ano son visitadas por cento de persoas que se achegan ata o lugar para contemplar esta creación da natureza onde o río Porto Salgueiro se desploma por un desnivel de máis de 40 metros, unha imaxe que dificilmente pode esquecer os visitantes quedando gravada nas súas retinas durante moito tempo.

Sen embargo, o seu entorno

atopase moi deteriorado cunha maleza descuidada, a entrada ao muíño infranqueable dende que se derrubou unha árbore e os accesos ao lugar apenas transitables. Todo este conxunto de causas provoca que o turista non poida gozar plenamente desta obra da natureza. O equipo do goberno local ante esta situación esta a traballar para realizar numerosas actuacións na zona para transformala nun punto de interese turístico que a convirta nun dos refentes de beleza paisaxística non só da localidade senón de

toda a comunidade galega. Así dende Concello de Toques tense previsto rozar toda a maleza e proceder a adecuación do camiño, ao carón do muíño, dotando dunha pasarela para que os visitantes poidan ver de preto a desembocadura da fervenza. Ademais proxectan construír unha área de ocio, coa colocación de mesas merendero, e facilitar o aparcamento coa construción de dous aparcadoiros, un na parte superior do lugar e outro na zona baixa.

Toques promove distintas campañas de recollida de lixo dentro da súa xestión medioambiental

Na súa preocupación por preservar o medioambiente, o Concello de Toques está a desenvolver diferentes campañas de recollida de lixo para concienciar aos veciños do municipio. A primeira iniciativa iniciouse o pasado mes de agosto coa colocación de varios colectores en distintos puntos da localidade destinados á depositar neles as pilas, material contaminado e que degradan o medioambiente. Máis de 50 quilos recolectáronse grazas a colaboración dos veciños, esforzo que o Concello agradeceu e que o equipo de goberno local valorou como unha campaña cun

resultado moi poistivo. Esta iniciativa continuará coa ampliación dos puntos de recollida. Por outra banda, e dentro da súa xestión medioambiental o executivo do municipio comenzaará vindeiramente a recolleita de plásticos procedentes dos silos e tamén estan a realizar proxectos para poder incrementar o número de colectores de vidro en Toques. O Concello marcouse como un dos seus obxectivos primordiais mellorar a calidade ambiental e paisaxística do municipio para isto ten previsto pór en marcha no futuro outras novas campañas.

O Concello de Toques ten previsto contratar diverso persoal neste ano

A través dos programas de cooperación, o equipo de goberno local ten previsto contratar a diferentes persoas para ocupar postos como auxiliares de axuda ao fogar, peóns, socorristas de piscina...Estas actuacións respoñan a contribuír a diminución do paro no municipio e a favorecer a inserción no mercado laboral dos veciños.

Estos planes están destinados preferentemente a colectivos de mulleres, demandantes dun primeiro emprego ou parados de longa duración, entre outros. Para acceder a algún destes postos os interesados deberán anotarse nas oficinas municipais, sendo como requisito imprescindible estar inscrito no INEM.

Sobrado dos Monxes está a desenrolar un plan piloto para a recollida do lixo no rural

Dende hai varias semanas o Concello de Sobrado esta a aplicar nas zonas rurais o programa piloto para a recollida porta a porta do lixo coñecida como *bolsa amarela*.

Este plan promovido pola Sociedade Galega do Medio Ambiente (sogama) é pioneiro en Galicia e é un dos pilares da nova política en materia de reciclaxe da Consellería de Ambiente.

A iniciativa acadouse a través dun convenio de colaboración asinado entre o Presidente de Sogama, José Álvarez Díaz, o alcalde de Sobrado, Jacobo



Fernández García e o seu homólogo de Boimorto, José Ignacio Portos, localidade esta última que tamén participa no proxecto.

A campaña repartiu un total de 1.300 colectores domiciliarios amarelos, dunha capacidade de 35 litros, entre os dous municipios.

O Concello de Sobrado dos Monxes distribuíu a súa tanda correspondente entre os fogares do rural seleccionados para esta iniciativa e cada quince días realiza a súa recollida.

Con esta experiencia buscase mellorar, en cantidade e calidade, a reciclaxe de envases lixeiros, briks e latas nas parroquias deste municipio da comarca de Terra de Melide.

Unha diocese de Brasil dirixida por un bispo orixinario de Santiso

O Papa nomeu a Manuel Parrado Carral, natural do concello de Santiso, como novo bispo da diocese de San Miguel Paulista de Sao Paulo, en Brasil.

Manuel Parrado naceu na parroquia de San Román no ano 1946, e aínda que pasou a maior parte da súa nenez no lugar, a súa familia emigrou a Brasil cando él tiña 11 anos. Nese país estudou a carreira de Filosofía e posteriormente cursou Teoloxía. No ano 1972 foi nomeado sacerdote exercendo en varios lugares como párroco e sendo incluso misionero.



Na foto, Manuel Parrado

Parrado enfrontase nesta nova etapa a unha diocese que nada ten que ver coas galegas, alo menos en número de habitantes. A que agora dirixe ten preto de 3 millóns de persoas, das que case o 90% son católicos.



DESCUBRE O TEU PAÍS

Tel: 902 33 20 10 www.gadg-90.90

KUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INICIACIÓN
E INDUSTRIA
Exposición Temática da Galiza



FACENDO CAMIÑO

INICIACIÓN

A manufactura de todo tipo de cristais é o volume comercial máis demandando polos clientes

Cristalería González : o seu saber no traballo do vidro e a súa garantía son os distintivos da empresa

O negocio opera na capital da comarca dende hai preto de tres décadas

Hai preto de tres décadas, exactamente no ano 1980, que José González abriu o seu propio negocio, Cristalería González. Aínda que a súa primeira ubicación foi na rúa Martagona dende mediados dos oiteinta opera nunha nave, situada en Agueiros, onde traballa coa colaboración dos seus dous fillos, José Manuel e Mario González.

Durante todo este tempo o negocio acadou posicionarse nun lugar privilexiado no coñecemento das tendencias e manufacturación, á dicir a fabricación, de todo tipo de vidros. Así o amosa a a clientela coa que conta a cristalería que abrangue tanto os que se mantiveron fieis aos seus servizos dende a súa apertura ata os que solicitan o seu traballo nos diferentes municipios da comarca e outros lugares como Arzuá ou A Coruña. A demanda



Biselar os cristais con diferentes formas é unha das solicitudes máis habituais dos clientes

aínda se incrementa máis na tempada de xullo e a agosto, coincidindo coas vacacións estivais, sendo un período *agotador porque non damos abasto*, afirma José González Prado.

Entre a mestura de clientes do negocio atopáanse constructores, empresas e particulares que realizan pedidos para entradas, cristais para as

fiestras, murais e todo tipo de mobiliario que se poida fabricar co vidro.

Para elo no taller contan con todas as máquinas necesarias para elaborar o cristal como a cortadora, a cantedora, ou pulidora, que serve para rematar os cantos e as biseladoras para realizar acabados decorativos nas esquinas. Ao carón de toda a maquinaria tamén dispoñen

de pezas de mostra de vidros: en fusión, tallados, estríados, biselados... Todo como asegura José González *para que o cliente poida escoller ao seu gusto*.

A instalación dos produtos é tamén parte da tarefa da empresa que unha vez acabado o material trasladanse aos enderezos dos clientes para proceder a súa colocación.

O mercado do vidro, un mundo que se adapta aos novos tempos

Xa hai tempo que os cristais tradicionis, cos que se revestían as fiestras, están dando paso a outro tipos de vidros máis axeitados ás necesidades da sociedade actual. González explica que agora demandase o vidro antisolar, que reflicte os raios do sol, ou o *Planter* que grazas as súa cualidades permite aforrar ata un 70%, no consumo enerxético da calefacción xerada nas vivendas. Aínda que o rei para as ventás segue a ser o o cristal *climalit*, é dicir, o acristalamento dobre que está separado por unha cámara.

En canto a lugares onde antes non se estilaba o emprego de vidro González afirma que *ultimamente estáse a demandar para facer os chanzos de escaleiras, en particulares ou oficinais*. O material empregado ten unha dureza do 100% e un grosor de máis de 3 centímetros o que asegura que non rache.

Unha sala de exposición axuda a orientar ao cliente na súa elección á hora de mercar

Anexo ao taller, a Cristalería González alberga unha ala onde o comprador pode contemplar en persoa o deseño de diferente mobiliario, taballado en cristal, para que poida ter máis claro o que precisa.

Murais para entradas, mesas de centros, mánparas de ducha e complementos do aseo, vidrieras ou cristais ornamentados para portas interiores son algunhos dos traballos que os clientes

poden ollar nesta exposición. E si aínda o consumidor non atopa nesta mostra o que anda buscando, na estancia dispónse de numerosos catálogos onde apreciar variados estilos mobiliarios a través de fotografías.

Unha vez elixido o produto, a cristalería encargáse de fabricalo sempre coa intención *de orientar e axudar na maior medida posibel ao cliente e que quede satisfeito*, asegura Jose González



Na sala de exposicións da cristalería podense observar unha ampla gama de estilos decorativos

Os comerciantes xa recibiron información do seu manexo informático

A tarxeta de fidelización de ASETEM a punto de sair ao mercado

Os propietarios dos establecementos adheridos á iniciativa disporán delas en breves datas

A tarxeta de fidelización de clientes do comercio local, impulsada por ASETEM-CCA, xa é unha realidade e en breves datas numerosos locais da vila disporán dela para premiar a fidelidade dos seus consumidores.

A mediados do mes de marzo, o comercio meliden- se mantivo unha xuntanza na que se lles explicou cómo manexar o programa informático co que contarán nos odenadores que se instalarán nos seus locais. O encargado de explicar o xestionamento da tarxeta de fidelización foi Alejandro Abad, técnico da empresa AVA, a firma que levou a cabo o proxecto.

Este novo sistema, no que a Asociación de Empresarios de Terra de Melide levaba traballando preto dun ano, naceu para reimpulsar o pequeno comercio da vila premiando aos seus clientes polo consumo nos seus negocios.

Tarxetas

ASETEM-CCA repartirá un



Os comerciantes coñeceron o funcionamento do programa

total de 5.000 tarxetas para poñer en marcha a iniciativa entre os establecementos adheridos a este proxecto.

A tarxeta de fidelización funcionará de xeito similar á *Travel Club* sendo non nominativa, con banda magnética e con pin e coas que os clientes acumularán puntos. Cando un cliente merque nun dos comercios participantes, pasarán automaticamente a súa tarxeta, sumando puntos na súa conta particular. Deste xeito, ao ter acumulados certo número de puntos poderá canxearlos por produtos do negocio onde mercou.

As tarxetas tamén se poderán empregar para outras iniciativas da asociación de empresarios como a campaña de Nadal, todo elo co obxectivo

de que os comerciantes poidan premiar a fidelidade da súa clientela e fomentar as compras nos establecementos locais.

Portal web

O número de puntos que cada cliente acumule na súa tarxeta poderá ser consultado polo usuario nun portal web e que lle permitirá ao comprador comprobar o seu saldo así como ver o catálogo dos produtos aos que pode acceder con eles.

O portal web de ASETEM-CCA, a través do que se xestionará a contabilidade de puntos, funcionará como un escaparate *on line* onde cada comercio adherido á iniciativa poderá amosar parte dos produtos que a súa tenda oferta neses intres.



Remata o curso sobre o novo plan xeral contable en ASETEM

Rematou a xornada formativa que trataba sobre *a reforma contable e o seu novo plan xeral* e que se impartiu en catro sesión dunha hora cada unha. O curso celebrouse na sede da Asociación de Empresarios Terra de Melide, ASETEM-CCA, durante as mañás dos sábados.

A xornada estivo dirixida a traballadores do réxime xeral e nel os alumnos poideron coñecer os cambios que aporta este novo plan de contabilidade para desenrolar mellor as súas tarefas nos seus respectivos traballos.

ASETEM-CCA acollera unha xornada sobre as novas tecnoloxías

ASETEM-CCA acollerá na súa sede o vindeiro mércores, 10 de abril, unha xornada informativa sobre a implantación de TICs para as pequenas e medianas empresas e que terá lugar ás oito e media do serán.

A sesión, impartida por personal técnico especializado, ten como obxectivo difundir entre os empresarios, comerciantes e autónomos en xeral da bisbarra melidense as vantaxes das tecnoloxías da información e de internet. Tamén se explicará aos asistentes as novidades no refe-

rente ao acceso á Administración Electrónica, e a importancia da banca electrónica para a empresa. Asemesmo ensinaráseles cómo realizar compras online, a xestión cos clientes e provedores a través da rede, entre outras cousas.

Esta iniciativa está organizada pola Federación de Autónomos de Galicia en colaboración coa Consellería de Industria e Obra Social. Caixa Galicia será de entrada gratuita para todos os interesados en saber máis sobre este eido da informática.

Axudas

Subvencións a pequenos comerciantes autónomos que abandonen a actividade comercial (DOG, 31 de marzo).

A finalidade desta axuda é para fomentar o revezamento xeracional dos empresarios próximos a acadar a idade de xubilación en prol das persoas menores de 45 anos. Está dirixida a establecementos comerciais que cesen definitivamente en toda actividade retalista e cumplan os

requisitos esixidos pola orde. Con carácter accesorio, tamén poderá ser beneficiario o conxusé do propietario que colabore con él no negocio. A coantía da subvención será dun pagamento anual aos cedentes nunha importe que inclúe as cotas correspondentes á seguridade Social do beneficiario e que se fixa en 10.000 euros ata cumprir os 65 anos. Pola súa banda, o seu cónxuse terá dereito a percibir un 50% do establecido para o titular. O prazo para solicitala axuda remata

o día 30 de abril.

Subvención para a habilitación de financiamento subsidiado para microempresas, proxectos emprendedores e investimentos das pemes

(DOG, 6 de marzo).

O obxectivo é a concesión de créditos a estes sectores para financiar as inversións que permitan mellorar a súa competitividade na comunidade Galega. O tipo de apoio é axudar nos tipos de xuros dos prestá-

mos concedidos. Un dos requisitos imprescindibles para requerir estas subvencións é a obrigação do beneficiario de manter os investimentos financiados durante un prazo mínimo de 5 anos dende a súa adquisición. As axudas abrangerán a reforma ou axeitamento dos locais, bens de equipo e unidades funcionais de explotación ou elementos de transporte, entre outros. O prazo de presentación de solicitudes é ata o 30 de decembro.

Anunciate no Cerne o xornal da comarca

Informate das nosas tarifas
Chama ao 981.506.188
e infórmate sen compromiso

A Semana Santa estivo chea de actos e oficios relixiosos esta festividade

A choiva non augou a fé dos melidenses nas procesións

Centos de veciños acudiron fieis a súa cita coa Virxe da Soidade a pesar do mal tempo

Aínda que o calendario marca como festivos propios da Semana Santa catro xornadas, moitos dos veciños de Melide xa acudiron o domingo anterior, día de Ramos, coas súas ramas de olivo para bendicilas á igrexa, por iso non era estrano pasear polas rúas do municipio é atopar a moreiras de xente portando os seus ramilletes. Durante os días tradicionais de Semana Santa os edificios eclesíasticos da vila acolleron numerosos actos e celebracións penitenciais para adultos e nenos así como a chamada *Misa do Señor*.

Sen embargo, o venres Santo convertíuse no verdadeiro protagonista desta festividade anual xa que saían as rúas as procesións como a do *Perdón*



Os cofrades portando á Virxe da Soidade

e a da *Virxe da Soidade*. Esta última, a pesares da choiva e da falla de luz en distintos puntos, foi seguida por moitos melidenses que portaban as tradicionais velas acesas durante o seu percorrido. Este ano a Santa foi tan fermo-

sa como sempre pero sen su típico rosario que porta nas súas mans porque días antes fora roubado. Non é a primeira vez que ocorre algo deste tipo xa que en anos anteriores lle desaparecerá un dos punais de grande valor histórico.



O mal tempo non impediu que os melidenses a acompañar á Santa

A Virxe da Soidade, unha das procesións con máis tradición

Esta procesión é unha das máis veteráns das que se realizan en Melide. En épocas anteriores a costume era engalanar as galerías das casas por onde pasaba con velas e tamén os penitentes, que a acompañaban no seu traxecto, as levaban as súas nas mans pingandolles a cera polos dedos e nas súas roupas de estrea. As mulleres adoitaban a levar naqueles tempos unha mantilla na súa cabeza.

Hoxe, todo iso mudou. Grazas an novas velas xa non hai lamparóns e as mantillas se substituíron polos traxes dos cofrades, vestidos con capirotos e capas, encargados desta procesión. A cofradía da Virxe naceu no 91, aínda que saíu a rúa no ano seguinte, pola iniciativa dunha serie de devotos que querían o mellor para este paso da Semana Santa. O que comezou cun grupo de 30 cofrades convertíuse nos máis de 75 que son na actualidade, dos que un 90% o conforman mulleres e nenos. Os seus membros mercaronlle á santa unha nova traxe e manto no que eles mesmos bordaron preto de 2.000 perlas. Esta cofradía xa prepara á virxe o domingo de Ramos vistíndoa para a ocasión e celebrando unha misa na que os cofrades impoñen os cordóns aos novos integrantes.

As procesións de semana santa unha costume moi enraizada en Melide dende tempos antigos

Moitos dos nosos ancestros e avós viviron estas xornadas relixiosas con costumes das que algunhas delas desapareceron co tempo.

Antes no xoves santo a protagonista era a *Procesión do Perdón* na cal durante toda a noite a igrexa parroquial mantía as súas portas abertas para que calquera poidera visitala. Alí os crentes atopaban o recinto alumeadado con velas acesas e aos santos cubertos con panos morados. Os nenos que se achegaban ata o lugar aproveitaban para engalanarse,

de cara a ocasión, cos seus zapatitos novos a conxunto cos calcetíns brancos e a súa roupa de estrea. Todos portaban velas co seu nome nun papel enrolado na cera e así ían colocando no peldaños que estaban diante do altar. O venres santo amenciá pronto para dar paso a *Procesión do Encontro*, que escomenzaba ás sete da mañá, e partía da praza das Coles ou da Moa. Era costume neste acto que as mulleres portarán á virxe e os homes a Xesús na cruz. Pola tarde, polas catro ou



A crucifixión de Xesucristo era un dos pasos máis vistos na época dos 50

cinco, tocáballe o turno á do *Santo enterro* a que acudían centos de penitentes. Este paso caracterizábase, sobre todo, pola súa grande montaxe relixiosa: con figuras vivas, o Cristo xacente e os meniños vestidos con traxes bíblicos.

Na noite a vila acollía a

Procesión da Virxe da Soidade polas súas rúas ata altas horas.

Logo ao día seguinte era o *sábado da Gloria* onde os fieis acudían a igrexa a buscala auga bendita.

O Domingo pechaba estas xornadas relixiosas cos sons das campás e sacar aos san-

tos os panos morados para seguidamente poder voltar ao cine par ver as películas dominicais.

Durante a semana santa era típico escoitar cantares por tódolos recunchos como: *Non estés eternamente eno-xado, perdoa o teu pobo Señor...*

Psicólogos estiveron durante catro xornadas no centro realizando talleres e impartindo charlas informativas

O IES acolheu a súa I semana de resolucións de conflitos para promover as relacións pacíficas nos escolares

Nesta iniciativa colaborou o Concello e estivo dirixida tanto aos alumnos como ao profesorado e ao colectivo de pais

O Instituto de Melide organizou, en colaboración co Concello, a I semana sobre *Resolución de conflictos a través da mediación*, un ciclo de sesións de catro días encamiñados a fomentar a convivencia pacífica entre os escolares nunha etapa da súa vida tan difícil como é a da adolescencia. No programa, impartido por CHISEM (Asociación para a prevención e intervención psicolóxica) interviron varios psicólogos desta organización. Durante as catro xornadas os escolares de 1º e 2º da ESO participaron en talleres onde dous especialistas, Tanis Vilar e Susana Otero, estiveron ensinándolles técnicas para resolver os conflitos máis frecuentes nestas idades a través do diálogo.

Os docentes tamén contaron cun taller, durante un día,

onde se traballou a importancia do seu papel como educadores nestas situacións. Esta sesión de asesoramento foi impartida por Pilar Bermejo pertencente a UMAD de Santiago, e na que deu a coñecer tanto a profesores do IES como dos centros escolares da vila a mediación como unha estratexia básica para a resolver as desavinezas do alumnado.

O colectivo de pais tampouco quedou sen asesoramento sobre o tema e celebrouse unha charla para eles coa finalidade de orientalos e axudalos nas súas relacións cos seus fillos nesta etapa evolutiva tan complicada das súas vidas.

Por último, a radio Municipal tamén elaborou un programa especial centrado na mediación no que se entrevistaron a psicólogos expertos no tema.



Os dous psicólogos realizaron talleres para os alumnos da ESO

Funcións do CHISEM

A asociación CHISEM esta composta por un grupo de profesionais, na súa maioría psicólogos, que desenrola un proxecto de traballo no eido da actual problemática psicosocial.

Esta entidade constitúese como tal no ano 2001 e dende entón colabora con centros educativos, AMPAS, servizos sociais ou Concellos como os de Santiago, Vigo, Boimorto, Vilasantar, Lalín, A Golada, Melide... Non só traballa neste programa senón que tamén realizan tarefas de prevención e formación en outros ámbitos como a drogodependencia, ademais de desenrolar talleres sobre a igualdade e para o colectivo de discapacitados. Todo elo na aposta do crecemento libre e integro de todo individuo e na prevención e promoción de actitudes e condutas saudables para a sociedade actual.

Impartense varios cursos dirixidos a distintos sectores da poboación

O Concello organizará no mes de abril unha serie de cursos encamiñados a formación de distintos sectores da formación en diferentes ámbitos.

Os profesionais da hostalería e o turismo terán a oportunidade de formarse a través dun curso de informática que contará cunha duración de 90 horas e cunha temática centrada na aprendizaxe do paquete ofice. Este eido é un dos máis aplicados nas actividades cotiás deste sector e realizarase na aula de multimedia do Multiusos. Outro dos cursiños que comencian a súa andaina neste mes, tamén no mesmo edificio, é o de mecanografía que se impartirá durante a xornada da tarde.

Por outra banda, o Centro da terceira idade organizará en breves datas un curso sobre primeiros auxilios dirixido ao colectivo dos máis maiores.

As matemáticas protagonizan unha semana no IES en forma de actividades lúdicas

O Centro de Ensino Secundario e BAC do municipio celebrou por segundo ano a súa semana das matemáticas para achegar esta materia aos alumnos dun xeito entretido e ameno.

As actividades organizadas polo Instituto ao longo destes días resultaron do máis variadas e nelas a participación dos escolares, xunto co profesorado, foi un dos motores máis importantes para acadar o éxito desta iniciativa que xa vai pola súa segunda edición. O edificio albergou durante varias xornadas con proxeccións de películas como *Unha mente maravillosa* ou *Donald no País das matemáticas* así como o visionado de vídeos sobre Escher de Michele Emmer con traballos do artista no eido da xeometría



Alumnos do instituto no taller de papiroflexia

Do mesmo autor encheuse con gravados e litografías, as paredes da biblioteca e o corredor principal do centro cunha exposición que versaba na súa obra *Diálogo entre ciencia e arte*.

As charlas tampouco faltaron como a impartida polo profesor da USC, Enrique Macías acerca da matemática divul-

gativa.

Pero onde máis poideron amosar os alumnos a súa destreza nesta materia foi nos talleres de papiroflexia, desenrolando a súa imaxinación no deseño de figuras xeométricas, ou na competición do *Matecross* na que puxeron en práctica as súas habilidades no saber das matemáticas.

Mulleres do rural aprenden cun curso o manexo da informática

O Concello organizou un cursiño de iniciación á informática para achegar as novas tecnoloxías as mulleres do agro. O curso, subvencionado pola área de Servizos Sociais da Deputación, iniciouse a finais de febreiro e durará ata xuño.

Un total de quince alumnas, distribuídas en dúas quendas de mañá e tarde, poderán aprender o manexo básico da informática para logo aplicar os seus coñecementos



nos seus propios fogares.

Este curso foi inaugurado pola alcaldesa de Melide e a concelleira de benestar e Igualdade, Casé Rodríguez.

Rectificación sobre a nova da subvención por banda da Deputación da Coruña á Orquestra Sinfónica de Melide

No Cerne anterior sinalábase que o Presidente do organismo provincial, Salvador Moreda, confirmara unha axuda de 1,6 millón de euros á Orquestra Sinfónica de Melide cando en realidade a subvención para agrupación musical é de tan só 65.000 euros para o ano 2008.

Unha escola de tenis en Toques forma aos nenos neste deporte

O mundo da raqueta xa non é descoñecido para os alumnos do CEIP do municipio grazas a posta en marcha en xaneiro dunha escola de tennis onde aprenden tódolos segredos deste deporte.

A iniciativa tivo o seu xémen no equipo do goberno local que loito para achegar este deporte ata a localidade. O equipamento deportivo para a súa práctica e a colaboración dun adestrador corre a cargo do propio Concello.

Nesta nova actividade tamén xoga un papel importante o técnico Municipal de Deportes, Mauro Noguerol, que supervisa con detalle o desenrolo da iniciativa.

O alumnos de 3º, 4º, 5º e 6º de primaria reciben clases todolos martes no Pavillón Deportivo e celebran un torneo cada mes para aprender aínda máis da competición. O último encontro foi o sábado, 29 de marzo, no que participaron os preto de máis de trinta escolares baixo a



Os nenos da Escola de tenis xunto co adestrador Sanmartín orientación do adestrador, Miguel San Martín. Este monitor, federado da Real Federación Española de Tennis, sinala que *este non é só un deporte físico senon que tamén aporta outros beneficios no desenrolo dos nenos.*

Vantaxes que logo poden aplicar na súa vida cotiá como o fomento da solidariedade e sociabilidade cos demais ou aumento da capacidade da concentración *porque é un xogo no que tes que controlar; á vez, a vista na bola e a coordinación dos movementos para contratacar*

ao adversario, asegura SanMartín. Por último outro dos beneficios que aporta este deporte é a inculcación do respecto nos rapaces a través das normas do propio xogo. Por outra banda, o adestrador recalca a importancia de realizar sempre ao comenazar exercicios de calentamento e ao remate outra sesión para estirar e relaxar a musculatura, todo isto para evitar as lesións. O Concello de toques ten en proxecto ampliar as clases para que os adultos tamén poidan gozar da práctica deste deporte.

O Cire acada tres puntos de ouro e colocáse a un punto do liderazgo

Logo do descanso no fútbol pola seman santa, o Cire de Melide retornou a competición enfrontándose ao actual lider do gupo IV na 3ª autonómica, o Pontecarreira.

O encontro tivo lugar no feudo do primeiro clasificado na tabóla. O partido escomenzou cun gol nos primeiros minutos do Pontecarreira pero axiña os azuis non tardaron en marcar o tanto do empate, obra do xogador Jechu. Pasaría aínda pouco tempo cando o Cire, nunha

falta de penalti, tranforma a pena co disparo de Fernando que se estela contra a rede da portería contraria. Acadabase deste xeito o 1-2, resultado co que rematou o encontro a pesares de que na segunda metade os azuis tamén tiveron boas oportunidades para encher o marcador.

Estos tres puntos son todo un triunfo para o equipo melidense xa que se colocan a un só punto do líder e ven como cada vez están máis preto do ascenso a 2ª autonómica.

O Partido CF Toques - San Martiño caracterizado pola pouca falta de xogo no campo de herba

O último encontro do equipo toquense no feudo do San Martiño caracterizouse pola pouca falta de xogo entre os dous rivais.

As ocasións de gol foron poucas aínda que no minuto 10 da primeira parte o equipo de casa marcou o único tanto que subiría ao marcador. Aínda

que nesta metade Carril realizou unha boa xogada o seu disparo rozou a portería sen encaixar o balón na rede.

No segundo tempo, Bareto tras unha falta botada por Diego corría coa súa xogada a mesma sorte que Carril.

Ao final o partido saldouse coa derrota do CF toques.



O Concello rinde unha homenaxe aos gañadores nacionais de Kick Boxing

Os seis deportistas melidenses que acadaron dous ouros e catro bronce no Campionato de España de Kick Boxing nas modalidades de semicontact e formas asistiron a unha recepción oficial na Casa consistorial. Con este acto o Concello de Melide quixo recoñecer a grande fazaña que supuxeron estes triunfos deportivos para a vila.

Durante a homenaxe a alcaldesa felicitou e entregoulle aos campións e ao seu adestrador, José Manuel López Ayude, uns detalles simbólicos do Concello. Pola súa banda, o adestrador agradeceu os parabéns e aproveitou para reindivicalar que este recoñecemento se poida plasmar en colaboracións futuras na xuda de acadar máis éxitos para este deporte.

Ferreiro no camiño de revalidar o seu título acadando o seu primeiro triunfo da tempada

Jesús Ferreiro, actual campión de España na categoría de rally de Vehículos Históricos, está no bó camiño para lograr de novo alzarse este ano co título.

O piloto melidense e o seu copiloto, Roberto Lorenzo, participaron, no derradeiro fin de semana de marzo, no Rally de la Vila Joiosa na provincia de Alacante. Esta primeira proba do Nacional de asfalto botou un excelente balance para o equipo galego coa victoria de Ferreiro nas estradas desta provincia de Comunidade Valenciana.

Dos dez tramos a disputar nun principio, o primeiro quedou neutralizado pero isto nos supuxo ningunha dificultade para o vixente campión nacio-



nal que vencía nos tres seguintes e colocabáse como líder con 41 segundos de vantaxe sobre Antonio Sainz.

Sen embargo os problemas xurdiron no trancurso das dúas últimas especiais da mañá cando Ferreiro empezou a notar como o Ford movíase moito de atrás, logo dunha revisión na asistencia comprobouse que a ponte traseira estaba rota. Este incidente provo-

cou que non puidese gañar o quinto e sexto tramo. Aínda con este altercado chegou cunha cómoda renda sobre Antonio Sainz. De tódolos xeitos o piloto melidense, patrocinado pola Deputación e Turgalicia, non deixou de amosar certa preocupación xa que en cada asistencia os mecánicos tiñan que aplicar diversos puntos de soldadura no eixetraseiro para que non rompera.

Unha vez rematado o rally Ferreiro afirmou que *tiñamos moito respecto ao último tramo de 52 Km, xa que era extraordinariamente duro para as condicións nas que estaba o Ford Escort pero por sorte o cohe aguantou e marcamos o mellor tempo na categoría de vehículos históricos.*

Recuncho para a reflexión

A loita da bolboreta

DANIEL ROIBÁS

Este é o recanto para deterse a ver a vida a través de contos que convidan a contemplar a alma da nosa existencia

Un home atopou un capullo dunha bolboreta e colleuno para levar a súa casa e deste xeito poder ver a bolboreta cando saíra do capullo. Un día veu que había un pequeno burato e entón sentouse a ollar ao longo de varias horas, vendo como a bolboreta loitaba para poder saír do seu capullo. O home veu que forcexaba fortemente para poder pasar o seu corpo a través do pequeno burato no capullo, ata que chegou un intre no que asemellou que parecía deixar de forcexear, pois aparentemente non progresaba no seu intento. Parecía que se atoara. Entón o home, na súa bondade, decidiu axudar á bolboreta e cunha pequena tesoiras

cortou ao carón do burato para facelo máis grande e así foi como a bolboreta puido saír.

Nembargantes ao saír a bolboreta tiña o corpo moi inchado e unhas ás pequenas e dobradas.

O home continuou ollando, pois agardaba que en calquera intre as ás se desdobrasen e medarían o abondo para soportar o seu corpo, o cal contraeríase ao diminuír a súa inchazón. Ningunha das dúas situacións ocorreron e a bolboreta soamente podía arrastrarse en circuliños co seu corpociño inchado e as súas ás dobradas... Endexámais puido chegar a voar.

O que o home na súa bondade e presa non entendeu,

foi que a restricción da apertura do capullo e a loita requirida pola bolboreta para saír polo pequeno burato, era o xeito na que a natureza forzaba fluídos do corpo da bolboreta cara as súas ás, para que estas estivesen grandes e fortes e logo poidese voar.

A liberdade e o voar soamente poden chegar logo da loita. Ao privar á bolboreta da loita, tamén lle foi privada da súa saúde. Algunhas veces as loitas son o que verdadeiramente necesitamos na nosa vida. Si Deus nos permitise progresar polas nosas vidas sen obstáculos, nos convertiría en seres inútiles. Non poderíamos medrar e ser tan fortes como poderíamos selo facendoo. ¡Canta verdade hai en isto! Cantas veces quixemos tomar o camiño máis curto para saír das dificultades, tomando esas



tesoiras e recortando o esforzo para telo todo máis fácil e ser máis libres. Non pensemos nin non centre-mos no que non temos, gozemos cada intre de cada día polo que si temos realmente e demos grazas a todo aquilo co que a natureza e a vida nos agasallou. Deixemomos levar por Deus, el é quen de poñerse no noso camiño por medio doutros seres só temos que cre nel. Sei dun caso no que unha muller, nunha noite do sábado ao domingo, sintíu moita dor, con algo roto no seu corpo. Tal era o seu padecemento, que nin se lle podía tocar, máis ela tiña fè en mellorar. Cando apareceu a

profesional sanitaria moveuna de tal xeito, que a doente sintíuse aliviada e deuse conta que grazas a vontade de Deus estaba nas mellores máns e ata a enchía unha espiritual felicidade interior.

Máis adiante, o Señor puxolle no seu camiño un equipo de ciruxanos dispostos a solucionarlle este problema de saúde e a muller superou o obstáculo vendo máis positiva a súa vida.

É e que no mundo quen carece de recursos materiais, os suple cos medios e a fortaleza moral.

O Señor sempre che pón algo bó na túa andaina pola vida. ¡Escoitao!

A roma, un xogo melidao

MANUEL RODRÍGUEZ VÁZQUEZ, CHARRANCAS

AGXPT

Difícil é establecer cando se escomenzou a xogar á roma, pero non é nada aventureiro dicir que este xogo tradicional podese remontar ata tempos dos castrexos pola sinxela razón da súa mecánica.

A roma basicamente consiste nun xogo entre dous, trátase de cravar un pau afiado nun extremo do chan que sexa mol. Cando tira un xogador e crava, o seguinte debe tentar derrubar a roma do primeiro pero logrando que a súa quede cravada.

Acadado isto, lánzase ao

aire a roma e coa propia bátese o máis forte posíbel para afastala do círculo -de máis ou menos un metro de diámetro- o máis lonxe que se poida.

Efectuado este lanzamento, pactáanse as cravadas que vai realizar o xogador que lanzou dende o círculo antes de que o dono da roma que fóra lanzada chegue con ela o círculo e faga unha cravada. É dicir, si se pacta a cinco chantadas ou cravadas, o xogador ten que efectuar as mesmas antes de que o seu contricante faga unha.



A roma é un xogo popular no que participan dúas persoas

Pero se mentres o que está cravando falla, por exemplo na cravada número 3, deberá empezar a contar dende cero.

O xogo é de forza e precisión, procurando sempre cravar o máis fondo posíbel e coa maior verticalidade, pois deste xeito difícilase a acción do contra-

rio.

Este xogo Cámasse de moitos xeitos, *chanto*, *cravo*, *roma*... É curioso que en lugares tan distantes como Melide ou Mugar dos se chame da mesma maneira, como tamén é coincidente que nestes dous concellos se xogue á *billarda* coas mesmas regras.

Sempre xogabamos polo pracer do xogo, qizabedes algún cromo de xogadores de fútbol, cando o Granada estaba en primeira. Máis tarde o vil metal meteuse no medio e xa xogabamos a patacón a partida. Un patacón era a décima parte dunha peseta, en euros botade vós a conta...



ACTOS ABRIL

-Sábado 12: III Campionato de pesca *Terra de Melide*

-Sábado 12: marcha ciclo- turística polo concello de Toques. Hora de Saída:16:00

- luns 14: Xornada de implantación TICs en las pymes, organizada pola Federaciónde Autónomos de Galicia Lugar: ASETEM-CCA (Lino sexto, 2. baixo).h:20:30

- Fin de semana do 25 ao 27 de abril: viaxe de veciños de Melide ao gran premio de España F1, en Momtmeló (Cataluña)

- Domingo 27 abril: IV Foliada, organiza polo agrupación musical *O Castelo*, con actuacións musicais de tódolos ámbitos. Marcha gaiteira , con oito agrupacións folclóricas polas rúas de Melide. Baile tradicional e obradores temáticos Stands do eido da artesanía e xantar no Pazo de congresos. Máis actividades do programa na páxina web da agrupación.

-Celebración do curso CELGA 4, antigo perrfccionamento de galego, no edificio Multiusos

LIÑAS DE AUTOBÚS

MELIDE - A CORUÑA

De luns a venres: 9.30, 13.15, 17.00, 20.45,
Sábados: 9.30, 13.15, 17.00, 20.45
Domingos e Festivos: 9.30, 17.00, 20.15, 20.45, 22.30

A CORUÑA - MELIDE

De luns a Venres: 8.00, 11.30, 15.30, 19.00
Sábado: 8.00, 11.30, 15.30, 19.00
Domingos e Festivos: 8.00, 11.30, 15.30, 17.00, 19.00

MELIDE - FERROL

Sábados: 19.15
Domingos e Festivos: 19.15

FERROL - MELIDE

Sábados:10.30
Domingos e festivos: 17.00

MELIDE - OURENSE

De luns a venres: 9.30, 12.30, 17.00, 20.00
Sábados: 9.30, 12.30, 17.00, 20.00
Domingos e festivos: 9.30, 12.30, 17.00, 19.00, 20,00

OURENSE - MELIDE

De luns a venres: 8.00, 12.00, 15.30, 19.15
Sábados: 8.00, 12.00, 15.30, 18.00, 19,15
Domingos e Festivos: 9.30, 15.30, 18.00, 19.15, 21.00

MELIDE - SANTIAGO

De luns a venres: 6.45, 7.50, 10.15, 11.55, 14.05, 14.40 (per. lectivo), 15.25, 17.50, 20.20

Sábados: 7.50, 10.15, 11.55, 15.25, 17.50
Domingos e festivos: 7.50, 11.55, 15.25, 17.50, 20.20

MELIDE - LUGO

De luns a venres: 7.55, 10.10, 11.55, 13.35, 16.05, 16.55, 19.25, 20.50, 21.50 (só venres lectivos)
Sábados: 7.55, 11.55, 13.35, 16.55, 19.25
Domingos e festivos: 7.55, 11.55, 16.55, 19.25, 20.50

TOQUES - MELIDE
(Folladela-Fondevila)

Luns a venres laborables:
Saída de Fondevila: 10.20
Saída de Melide: 12.30
Domingos excepto último de mes:
Saída de Fondevila: 8.15 e 11.00
Saída de Melide: 13.00
Último domingo de mes:
Saída de Fondevila: 7.45
Saída de Melide: 13.00 e 14.00

MELIDE - TOQUES
(Fondevila-Folladela)

Martes e venres laborables:
Saída de Folladela: 8.30
Saída de Melide: 12.30
Domingos excepto último de mes:
Saída de Folladela: 8.40
Saída de Melide 13.00
Último domingo de mes:
Saída de Folladela: 8.30
Saída de Melide: 13.00 e 14.00

TELÉFONOS DE INTERESE

URXENCIAS

UrxenciasSanitarias	061
BombeiroS	080
Incencios Forestais.....	..085
Policía Municipal	
Urxencias	092
Melide	981505003
Policía Nacional	091
Garda Civil	
Urxencias	062
Melide	981505007
S.O.S	
S.O.S Galicia	112
Protec.Civil.	670498848

Atención ao cidadán	981120012
Valedor do pobo	981571900
Economía facenda	981545151
Industria e Comercio	981544341
Sevizo Galego Colocación	981125000
Teléfono da Muller	900400273
Teléfono do Menor	900444222
Dirección Xeral de Tráfico	900125505
Correos.	902197197
Auga	981242322
Electricidade	981147200
Gas.	900760760

MELIDE

TRANSPORTES	
Renfe	
Nacional	902240202
A Coruña	
Santiago	
Autobuses	
A Coruña	981239099
Santiago	981542416
Aeroportos	
A Coruña.	981187200
Santiago	981547500
Vigo	986268200

SERVIZOS E INSTITUCIÓNS

Casa do Concello	981505003
Centro de Saúde	981506176
Servizos Sociais	981505012
Consevatorio	981507100
Polideportivo	981507752
Centro Social da 3ª Idade	981505706
Parada de Taxis	981505390
Oficina de emprego	981505204
Albergue Xuvenil	981507412
Albergue do Peregrino	660396822
Centro Ocupacional	981505003
A.S.E.T.E.M-CCA	981506188
Fundación Terra de Melide	981507244

I.E.S. de Melide	981505162
C.E.I.P nº1	981505238
C.E.I.P nº2	.981505929
Gardería	.981505003
U.A.F. de Melide	981 507742

SANTISO

Casa do Concello	981818501
Centro de Saúde	
Agrochao	981517803
Visantoña	.981510749
Xulgado de Paz	981 818501

SOBRADO

Casa do Concello	981787508
Desenvolvemento local	981787508
Centro de Saúde	981787744
Mosteiro de Sobrado	981787509
Xulgado de Paz	981787508

TOQUES

Casa do Concello	981505826
Centro de Saúde	981507301
Xulgado de Paz	981505826

Ángel Seoane, de Espectáculos Ángel Seoane

Temos máis de 102 orquestras na axencia e todas informatizadas

Dende a súa axencia, Ángel Seoane, recibe a cotío persoas que acuden a súa oficina na busca e información sobre orquestras para celebrar as súas festas.

Este profesional no mundo do espectáculo e dos artistas encárgase inmediatamente de tentar ofreceller ao cliente o servizo que demanda

Con só dezasete anos empezou a traballar como camareiro na Sala Scorpio. Neste lugar tivo a oportunidade de ter os seus primeiros contactos cos artistas que actuaban no local, decatándose de que o mundo do manager e as relacións era o seu. Sen dúbido, abriu o seu propio negocio en Melide, *Espectáculos Ángel Seoane*, que leva funcionando xa preto de tres décadas. Durante todo este tempo ante a boa marcha da empresa decidiu montar outra axencia en Monterroso. E é que este profesional non deixa de traballar para o eido do espectáculo.

-Exactamente cando abriches as portas da túa primeira oficina?

- Foi a finais dos setenta e dende o principio tivemos moi boa acollida na vila. Co tempo como está estaba funcionando tan ben abrín outra en Monterroso. Eu atendo persoalmente as dúas, traballo tres días aquí e os outros dous na de alá.

-Asemella ser moito traballo, cantos Concellos levas en total ?

- Ben, primeiro quero explicar que nós formamos parte



Ángel Seoane organiza dende a súa oficina festas para preto de dez Concellos e as súas parroquias

fiscal nin carnet profesional do espectáculo, algo obrigatorio por lei para contratar unha orquestra. Este tema é moi delicado porque as persoas ou comisións de festas que solicitan os seus servizos poden ter graves problemas no intre de facer a verbena porque ao ser ilegales e contratalos corren o risco de ser sancionados con multas de cuantiosa cantidade.

A clandestinidade nesta profesión pode traer moitos problemas ás festas

da Asociación Lito onde cada socio repartímonos os nosos ámbitos xeográficos. O meu abrangue os municipios de Melide, Palas de Rei, A Golada, Antas, Monterroso, Boimorto, Arzúa, Toques, Santiso e Sobrado dos Monxes.

-Na Asociación cando os reunides, qué temas tratades como managers?

- Moitos vencellados con este eido. Recentemente tivemos unha reunión para loitar contra a clandestinidade, é dicir, os que traballan na nosa profesión ilegalmente sen licenza

Ademáis a xente clandestina carece de poder ofrecer o seguro de responsabilidade civil para cubrir problemas que poidan xurdir na montaxe dos escearios e grupos electorais de xeito que se ocorre algo neste eido a situación pode ser moi seria.

- Entón, que lle recomendarías ás persoas para asegurarse de están ante un manager legalizado?

- Simplemente que lles existan que lles amosen a licenza, ou permiso fiscal, e o carné de profesional de espectáculos. Soamente así poden ter a fiabi-

lidade de que están diante dun verdadeiro profesional.

- Voltemos o que é o teu traballo, ¿cales son as pautas que segue cando alguén ven a contratar os teus servizos?

- As comisións de festas e particulares que se achegan ata aquí requirindo actuacións, algún deles xa veñen coas ideas claras e os que non saben ben o que queren nós lle ofrecemos un catálogo e axenda a elixir entre as 102 orquestras coas que contamos dende orquestras, solistas, agrupacións folclóricas.... Decímoslle os prezos e unha vez elixida,

categoría e moitos dos que veñen queren as mellores como Paris-Noia, Panorama ou Olympus e como son moi demandadas en toda Galicia xa están ocupadas. As citas hai que concertalas cun ano de anticipación, sobre todo as de primeira clase, hai que contratar con tempo suficiente. Ademáis aseguroche que canto mellor sexa orquestra máis éxito vai ter a festa.

- As tempadas de inverno e verán tamén afectan o teu negocio?

- Claro. Hai unha tempada baixa que vai dende novembro

As boas orquestras hai que contratalalas alo menos cun ano de anticipación

como estamos informatizados, enlazamos coa orquestra para ver se ten a data que nos solicitan libre e os apuntamos para o día que queren a festa. **-Supoño que ás veces precisamente para ese día a actuación musical xa está ocupada...**

-Pos suposto. Hai orquestras de primeira, segunda e terceira

a maio e nesta época a demanda incrementa nun 70% porque son máis baratas ao non ter tantas xiras, iso si só a diario porque os fins de semana seguen a ter moitas actuacións. Na tempada alta, de xuño a setembro, o caché sube. Para nós gosto é agotador porque traballamos os 31 días do mes sen parón porque hai romarías

en tódolos lugares e todos queren as mesmas orquestras. Aínda que agora hai festas calquera mes ben polo entroido, o fin de ano... Imaxínate que a estas alturas xa teño cuberta a axenda nun 90%.

- Pode xurdir algún problema o mesmo día que se celebra a festa?

- Sobre todo si hai un cambio na climatoloxía e chove. As orquestras como cobran durante a actuación si hai un inconveniente voltan outro día de xeito gratis.

- Dín que as romarías botanse a perde porque a xuventude prefere ir as discotecas..

- Non é verdade. Houbo uns anos para atrás que era algo preocupante pero dende hai uns catro anos o fenómeno volveu á xuventude e ademáis rexurdiu con forza entre eles porque os xóvenes se preocupan por buscar boas orquestras **- Por último tan rodeado que estas de espectáculos, non te animarías a montar a túa propia orquestra?**

- Eu xa son propietario dunha dende hai catro anos, chamase *Fania Show Blanco*.

Portada	P1	Deportes	P12
Editorial	P2	Colaboracións	P13
Melide	P3	Axenda	P14
Comarca	P6	A entrevista do mes	P15
Empresa e comercio	P8	Contraportada	P16
Cultura e lecer	P10		

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE- CENTRO COMERCIAL ABERTO (A.S.E.T.E.M- C.C.A.).
Nº36. 15 marzo - 1 abril de 2008. Distribución gratuíta. Tamén en internet: www.asetem.com

As Rúas de Melide Rúa Don Xoán Varela Fondevila e Vereá

XOSÉ DOMINGO FUCIÑOS

Esta rúa é a terceira transversal dende o cruce de estradas, en dirección a Lugo marxe esquerda, onde se atopa actualmente a oficina de correos, cruce con Almirante Brown. D. XOÁN VARELA FONDEVILA E VEREA, que foi Bispo auxiliar de Santiago de Compostela, naceu o 16 de outubro de 1.721, na parroquia melidá de San Pedro, de Folladela, onde foi bautizado. Os seus antepasados (pais e avós), forón de Folladela (Casa das Figueiras) e de Mezonzo,

Andabao e Dorneá. Estudou a carreira eclesiástica e no ano 1763 foi Provisor e Vicario Xeral do Arcebispo de Santiago. Foi nomeado Bispo Auxiliar de Compostela co título de *Bispo de Tanes* no 1.769. Faleceu o 11 de abril de 1.785 (hai agora douscentos vintetrés anos). Esta soterrado na Catedral de Santiago, na nave da Soidade e diante do altar da Santa Faz.

Bibliografía: Boletín R.A.G (Pérez Constanti 1924)

Lembranzas da nosa terra



Festa da árbore nos anos 50
(Vello Campo da Feira - actual Cantón de San Roque)
Arquivo dos irmáns Fuciños-Gómez
(Casa de Pita)

SE NECESITAN DISCAPACITADOS

A CORUÑA: 981 15 25 55 MELIDE: 981 50 51 56 LALÍN: 607 28 67 85
S. COMPOSTELA: 981 58 47 63 VIGO: 986 44 10 77 LUGO: 982 22 41 46
EL FERROL: 981 37 34 34 PONTEVEDRA: 986 86 47 50 OURENSE: PRÓXIMA APERTURA

PARA LA VENTA DEL "EUROBOLETO DEL DISCAPACITADO"

SE OFRECE:

**SALARIO FIJO + COMISIONES
SEGURIDAD SOCIAL, 15 PAGAS
Y 1 MES DE VACACIONES**

TELÉFONO NACIONAL 902 113 883

VISITE NUESTRA WEB: www.oid.es